
**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 31 DE XULLO DE 2015,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Decreto polo que se crea a Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde e se aproban os seus estatutos.

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e a Asociación CMAT (Costa da Morte Asociación de Turismo) para a realización de actividades de valorización dos recursos turísticos no xeodestino Costa da Morte, por importe de noventa e seis mil euros (96.000,00 euros).
- Acordo polo que se aproba a revisión efectuada dos procedementos administrativos de prazo aberto da Consellería de Traballo e Benestar para os efectos da súa incorporación mediante orde do vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza á sede electrónica.

CONSELLERÍA DE FACENDA

- Acordo polo que se fixa o límite máximo de gasto non financeiro dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2016 e se dá traslado do mesmo ao Parlamento de Galicia.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se aproba o convenio de adhesión do Concello de Vedra á Axencia de Protección da Legalidade Urbanística.

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración, asinado o 18 de outubro de 2010, entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e a Fundación ECCA para a obtención do título de graduado en educación secundaria, por un importe de trescentos dezaoto mil cento corenta e dous euros con corenta e tres céntimos (318.142,43 euros).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a University of Birmingham para a docencia, a investigación e mais a promoción da lingua, a literatura e a cultura galegas, por un importe total de sesenta e tres mil novecentos setenta e seis euros con trinta e dous céntimos (63.976,32 euros).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e The Queen's College, University of Oxford para a docencia, a investigación e mais a promoción da lingua, a literatura e a cultura galegas, por un importe total de sesenta e tres mil novecentos setenta e seis euros con trinta e dous céntimos (63.976,32 euros).

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a contratación da subministración sucesiva de somatropina, con destino ás estruturas de xestión integrada do Sergas, por un importe de tres millóns trescentos dezanove mil seiscentos oitenta euros (3.319.680 euros) e un valor estimado de oito millóns dous centos noventa e nove mil douscentos euros (8.299.200 euros).

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

- Acordo polo que se autoriza á sinatura da addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Traballo e Benestar e a Fundación Meniños, para o desenvolvemento do Programa de integración familiar. Importe: dezasete mil setecentos corenta e seis euros (17.746,00 euros).
- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Traballo e Benestar á sinatura dun convenio de colaboración coa Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (Cogami), para o financiamento de programas de formación profesional e de apoio á autonomía persoal para persoas con discapacidade, no ano 2015, con financiamento

do Fondo Social Europeo (FSE), P.O. FSE GALICIA 2007-2013. Importe total: cincocentos noventa e seis mil douscentos oitenta e cinco euros (596.285,00 euros).

INFORMES

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta de Galicia do exercicio da acción popular nas dilixencias previas 1722/2015 do Xulgado Instrución núm. 3 de Ourense abertas por razón do falecemento por violencia de xénero de M^a Isabel Fuentes Fernández (actualmente tramitadas como sumario procedemento ordinario 523/2015 Xulgado de Instrución núm. 1 de Verín).
- Informe polo que se da conta ao Consello da Xunta de Galicia do exercicio da acción popular nas dilixencias previas 711/2015 do Xulgado de Primeira Instancia e Instrución núm. 1 de Pontearreas abertas por razón do falecemento por violencia de xénero de Beatriz Rodríguez Mariño.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Informe sobre o proxecto mineiro San Fins.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre a investigación no Sistema Público de Saúde de Galicia.

O CONSELLO DA XUNTA APROBA A CREACIÓN DA AXENCIA GALEGA DE XESTIÓN DO COÑECEMENTO EN SAÚDE

- ***O novo organismo nace coa vocación de converterse no elemento nucleador do ecosistema galego de coñecemento e innovación en saúde, contribuíndo ao seu posicionamento como referente internacional***
- ***Tamén se presentou un informe sobre a actividade dos institutos de investigación sanitarios durante 2014, que captaron globalmente máis de 28 millóns de euros, participaron en máis de 250 ensaios clínicos novos e publicaron máis de 1.000 artigos en revistas internacionais indexadas***

O Consello da Xunta aprobou esta mañá o decreto de aprobación que crea a Axencia Galega de Xestión do Coñecemento en Saúde e establece os estatutos que rexerán o seu funcionamento. O novo organismo terá un papel fundamental como marco de colaboración, cooperación e comunicación entres os diferentes sectores implicados na I+D+i da saúde nos diferentes niveis, autonómico, estatal e internacional. En definitiva, a Axencia será o *elemento nucleador do ecosistema galego de coñecemento e innovación en saúde, contribuíndo ao seu posicionamento como referente internacional.*

A Axencia aglutinará os recursos dos que actualmente dispón a Fundación Escola Galega de Administración Sanitaria (Fegas), a Subdirección Xeral de Investigación, Docencia e Innovación do Sergas, e as unidades de innovación e Avalia-t (a Axencia de Avaliación de Tecnoloxías Sanitarias de Galicia), da Dirección Xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública da Consellería de Sanidade. A misión da Axencia será actuar coma un instrumento que posibilite, coa máxima eficiencia e achegando valor, a xestión do coñecemento xerado no Sistema público de saúde de Galicia, desde o momento da súa xeración ata a súa transferencia á sociedade, promovendo ao mesmo tempo a incorporación ao sistema de novas tecnoloxías e sistemas organizativos nun modelo de innovación aberta.

A creación da Axencia enmárcase na estratexia da racionalización administrativa da Administración pública autonómica para a configuración de entidades públicas instrumentais, capaces de garantir a flexibilidade na xestión, a autonomía, a promoción da eficiencia e a responsabilidade por resultados. Isto é especialmente relevante no ámbito da saúde, da I+D+i e da xestión do talento, que requiren de estruturas especializadas para unha correcta xestión.

Desde o punto de vista externo, permitirá ter unha mellor coordinación á hora de traballar co resto de actores do ecosistema, como a Axencia Galega de Innovación e os institutos de investigación sanitaria.

Actividade dos institutos de investigación sanitaria

A conselleira de sanidade, Rocío Mosquera Álvarez, tamén presentou ao Consello da Xunta un informe que describe e analiza as particularidades específicas da investigación levada a cabo no Sistema público de saúde de Galicia, así como a súa situación actual:

—
estrutura organizativa, capacidades, resultados e retos de futuro.

Segundo o informe, nos últimos anos, a investigación no ámbito sanitario en Galicia deu un importante salto tanto cualitativo -coa acreditación de dous dos nosos Institutos polo Instituto de Saúde Carlos III, o IDIS en 2010 e o INIBIC en 2015- como cuantitativo. Así, os indicadores de desempeño e produción científica incrementáronse de maneira moi significativa nos últimos anos. No ano 2014 os institutos captaron globalmente máis de 28 millóns de euros, participaron en máis de 250 ensaios clínicos novos e publicaron máis de 1.000 artigos en revistas internacionais indexadas, dos cales o 52% corresponden a revistas do primeiro cuartil, o que ilustra a excelente calidade da nosa investigación. Ademais amosan unha crecente actividade no ámbito da transferencia de tecnoloxía, con 34 patentes solicitadas en 2014, favorecendo así a transferencia á sociedade do coñecemento xerado.

Os retos de futuro céntranse na necesidade de establecer unha estratexia a medio-longo prazo cunha visión global das necesidades e capacidades do sistema e na estabilización do persoal investigador senior e a captación de talento. Ambos os aspectos serán parte das tarefas prioritarios da nova Axencia Galega de Xestión do Coñecemento en Saúde.

Desde o punto de vista organizativo, a investigación no Sistema público de saúde de Galicia estrutúrase arredor dos tres institutos de investigación sanitaria: o Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago (IDIS) que engloba tamén a actividade da área de Lugo; o Instituto de Investigación Biomédica da Coruña (INIBIC), que integra tamén a área de Ferrol; e o Instituto de Investigación Biomédica de Vigo (IBIV) que engloba tamén a Ourense e Pontevedra. Os Institutos xorden da asociación e colaboración dos hospitais do Sergas coas tres universidades do Sistema universitario galego, e entre os tres comprenden 123 grupos de investigación e máis de 1.100 investigadores.

Para a conselleira de Sanidade, un sistema de saúde forte e líder en investigación presta unha mellor asistencia sanitaria aos cidadáns, polo que a promoción da investigación no ámbito do Sergas redundará de maneira directa e indirecta na mellora da calidade da atención sanitaria, e contribúe a promover unha economía baseada no coñecemento e unha sociedade máis innovadora.

TURISMO DE GALICIA POTENCIARÁ OS RECURSOS TURÍSTICOS DA COSTA DA MORTE EN COLABORACIÓN COA ASOCIACIÓN CMAT

- ***O Consello da Xunta aprobou hoxe o acordo polo que se autoriza a subscrición do dito convenio de colaboración***
- ***As actividades de promoción turística estarán dirixidas á mellora da comunicación web no xeodestino da Costa da Morte***
- ***No primeiro semestre deste ano a Costa da Morte rexistrou un incremento da cifra de viaxeiros aloxados nos establecementos hoteleiros, do 13,3% en relación co mesmo período de 2014, situándose preto dos 58.000***

O Consello da Xunta aprobou hoxe o acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio de colaboración entre Turismo de Galicia e a Asociación CMAT -Costa da Morte Asociación de Turismo- para a realización de actividades de valorización dos recursos turísticos no xeodestino Costa da Morte.

O dito convenio establece as bases de colaboración técnica e económica entre Turismo de Galicia e CMAT para a realización de actividades de promoción turística dirixidas á mellora da comunicación web no xeodestino da Costa da Morte. O acordo establece as seguintes accións:

- Desenvolvemento da imaxe de marca da Costa da Morte Asociación Turística, levando a cabo unha actualización da imaxe e do logo corporativo, así como a creación dun portal web onde se recolla a información turística do destino en tres idiomas -galego, castelán e inglés-.
- Desenvolvemento de apps móbiles para as plataformas ios, Android e Windows Phone, con soporte para tres idiomas con información da Costa da Morte, dos establecementos que conforman o destino, con información de interese, galería de imaxes e vídeos.
- Creación das redes sociais Twitter e Facebook e mellora do posicionamento SEO e SEM na internet do destino Costa da Morte.
- Posta en marcha dun plan de comunicación do destino e das actividades que se realizan na Costa da Morte Asociación Turística e de accións de marketing web para a difusión e estímulo da participación e actuacións encamiñadas á dinamización de informacións en medios de comunicación.
- Desenvolvemento dun plan de formación orientado a mellorar o sector turístico da Costa da Morte en materias de calidade, tanto no servizo ofertado coma na atención ao cliente; de innovación do tecido empresarial, a través de implantación de estratexias de innovación nas empresas turísticas; e de competitividade do destino.

O orzamento estimado para a execución das actuacións recollidas no convenio ascende a 96.000 euros, dos cales a Xunta de Galicia, a través de Turismo de Galicia, achegará un total de 80.000€.

A vixencia do convenio estenderase ata o o 30 de outubro de 2015.

Tendencia de crecemento

Este convenio de colaboración contribuirá a que o xeodestino Costa da Morte continúe coa tendencia de crecemento que vén rexistrando nos últimos meses.

Durante o primeiro semestre deste ano a Costa da Morte rexistrou un incremento da cifra de viaxeiros aloxados nos establecementos hoteleiros, do 13,3% en relación ao mesmo período de 2014, situándose preto dos 58.000.

Esta mellora trasladouse tamén ao número de pernoitas que se incrementou no primeiro semestre deste ano nun 4,7%, situándose preto das 95.000.

Esta tendencia de crecemento xa se viu reflectida no pasado ano en que a Costa da Morte foi o destino galego que rexistrou un mellor comportamento da demanda hoteleira ao incrementar o seu número de viaxeiros nun 46% e as súas pernoitas nun 70%.

A XUNTA INCORPORA 42 NOVOS PROCEDEMENTOS ADMINISTRATIVOS Á SEDE ELECTRÓNICA

- ***Xa ascenden a 982 os trámites que a Administración autonómica pon á disposición da cidadanía e das empresas para o seu acceso electrónico***
- ***Coa incorporación destes 42 novos procedementos contribúese a seguir afondando no impulso dunhas relacións máis áxiles, simples e fluídas entre a Xunta e o conxunto dos cidadáns***
- ***Entre os novos procedementos atópanse a solicitude de prestacións sociais e económicas para persoas con discapacidade, axudas de inclusión social, a renda de inclusión social de Galicia (Risga), pensión de invalidez non contributiva ou o carné xove e o título de familia numerosa, entre outras***

O Consello da Xunta aprobou hoxe a incorporación á sede electrónica da Xunta de Galicia de 42 procedementos da Consellería de Traballo e Benestar mediante unha Orde do vicepresidente e conselleiro da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, polo que coa incorporación destes 42 novos procedementos, xa ascenden a 982 os trámites que a Administración autonómica pon á disposición da cidadanía e das empresas para o seu acceso electrónico.

Esta actuación enmarcase dentro do Plan Achega aprobado o pasado ano polo Consello da Xunta e que recolle unha serie de medidas concretas para, no marco do período 2014-2016, revisar os procedementos administrativos e melloralos, simplificalos e posibilitar a súa presentación electrónica como garantía do principio de celeridade que a Administración galega asume nos seus compromisos de actuación.

En concreto, abórdouse a revisión dos 88 trámites ou procedementos dos cales 8 procedementos foron dados de baixa por seren obsoletos ou por non seren utilizados; 3 procedementos mantéñense como presenciais dadas as características específicas previstas para a súa presentación e tramitación; 9 procedementos foron habilitados electronicamente a través da súa regulamentación específica; 26 procedementos foron refundidos nun só trámite co obxecto de simplificar e facilitar o seu uso polos cidadáns e finalmente 42 foron preparados para admitir a súa dispoñibilidade electrónica.

Entre os novos procedementos que estarán dispoñibles na sede electrónica destacan o carné xove, o título de familia numerosa, prestacións sociais e económicas para persoas con discapacidade, axudas de inclusión social, cualificación de iniciativas de emprego, inscrición no rexistro de fundacións de interese galego; a renda de inclusión social de Galicia (Risga), pensión de invalidez non contributiva ou a habilitación de entidades colaboradoras de adopción internacional, entre outras.

Con esta nova incorporación contribúese a seguir afondando no impulso dunhas relacións máis áxiles, simples e fluídas entre a Xunta de Galicia e o conxunto dos cidadáns. Como alternativa en 38 deles tamén se poderán presentar as solicitudes en soporte papel en

calquera dos lugares e rexistros establecidos por lei, empregando o formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia. E nos 4 restantes, a sede electrónica configúrase como a canle de uso obrigatorio para a presentación das solicitudes por ter como únicos destinatarios empresas e cooperativas, colectivos nos que a súa capacidade técnica e profesional precisa está garantida.

A partir da entrada en vigor da orde, que será publicada no *Diario Oficial de Galicia*, estarán dispoñibles na sede electrónica da Xunta de Galicia no enderezo web <http://sede.xunta.es/>, para que calquera cidadán que estea interesado en poñelos en marcha poida relacionarse coa Administración galega. Segundo a planificación establecida no Plan Achega 2014-2016, continuarase coa revisión polos grupos de traballo dos 580 procedementos das respectivas consellerías que restan e procederase, de ser o caso, á supresión, adaptación e incorporación á sede electrónica.

A XUNTA ELEVA POR PRIMEIRA VEZ O TEITO DE GASTO E FÍXAO PARA 2016 EN 8.873 MILLÓNS DE EUROS, 438 MÁIS QUE NESTE ANO

- **É o maior límite de gasto dende que a Xunta puxo en marcha este mecanismo**
- **Medra un 5,2% respecto ao actual exercicio**
- **Galicia terá máis capacidade para manter blindado o gasto social, e para trasladar a recuperación a toda a cidadanía con políticas activas de impulso económico**
- **En 2016 vaise afianzar o crecemento económico e o PIB galego medrará un 2,4%, mellorando por cuarto ano consecutivo**
- **Galicia intensificará a creación de emprego, e a taxa de paro baixará ao 18,3%**
- **A Xunta combinará o fortalecemento da recuperación económica coa redución do déficit, que baixará en 233 millóns**
- **Galicia é a autonomía que menos incrementou a súa débeda dende 2008**
- **A Comunidade galega contará cun teito de gasto por quinto ano consecutivo, que será remitido ao Parlamento para a súa aprobación o vindeiro martes**

Santiago, 31 de xullo de 2015.- A Xunta de Galicia aprobou hoxe o teito de gasto non financeiro para o ano 2016, que se eleva ata os 8.873 millóns de euros. É a primeira vez que o Goberno galego eleva o seu límite de gasto respecto ao ano anterior, cun incremento de 438 millóns sobre 2015, un 5,2% máis. Ademais, trátase do maior teito de gasto que vai ter a Xunta dende a posta en marcha deste mecanismo.

Con este incremento, a Xunta vai dispoñer en 2016 de máis recursos non financeiros para manter blindado o gasto social e para levar a cabo políticas activas de impulso e reactivación, que permitan trasladar a toda a cidadanía a melloría da situación económica. O conselleiro de Facenda, Valeriano Martínez, explicou que o límite de gasto presentado hoxe no Consello da Xunta será remitido para a súa aprobación o vindeiro martes polo Parlamento. É o quinto ano consecutivo en que Galicia conta cun teito de gasto.

En canto á evolución económica, en 2016 vaise afianzar o crecemento económico e o produto interior bruto (PIB) medrará un 2,4%, catro décimas máis que a previsión para o actual exercicio. Polo tanto, logo dun 2015 no que se está a producir unha aceleración da recuperación da economía galega, no 2016 vaise consolidar esa recuperación coas maiores taxas de evolución interanual dende antes de crise.

A evolución do mercado laboral seguirá sendo moi positiva en 2016. O vindeiro ano prevese unha nova redución da taxa do desemprego en Galicia de 1,8 puntos, ata situarse no 18,3%. Deste xeito, o paro reducirase na Comunidade galega por terceiro ano consecutivo, logo das baixadas rexistradas en 2014 e a que se está a producir neste 2015.

Baixa o déficit en 233 millóns

Galicia contará con máis recursos en 2016 pola vía do aumento dos ingresos, xa que reducirá en 233 millóns de euros o recurso ao endebedamento. O vindeiro ano, a

Comunidade galega proseguirá a senda de redución paulatina do déficit, posto que o límite de estabilidade pasará do 0,7% neste 2015 ao 0,3% do 2016.

Galicia mantén o compromiso coa senda de estabilidade orzamentaria e co control do endebedamento. De feito, é a comunidade autónoma que menos incrementou a súa débeda dende o ano 2008, segundo mostran os datos do Banco de España, e tamén é a segunda comunidade onde máis se reduciu o déficit neste período.

Un teito de gasto realista

O límite de gasto non financeiro aprobado hoxe polo Consello da Xunta é un teito de gasto realista, que será a base para elaborar as contas autonómicas do vindeiro ano.

O teito de gasto para 2016 establece uns ingresos non financeiros de 8.684 millóns de euros. A esta cantidade súmanse os 174 millóns polo déficit aprobado do 0,3%, e 15 millóns de axustes positivos de contabilidade nacional, ata acadar os 8.873 millóns de euros de límite de gasto final.

Este é o quinto ano consecutivo no que Galicia contará cun teito de gasto, que logo da súa aprobación hoxe no Consello da Xunta será remitido ao Parlamento para a súa aprobación no Pleno da Cámara o vindeiro martes. Desta forma, o Goberno galego achega transparencia e anticipa o debate orzamentario.

O CONSELLO DA XUNTA APROBA O CONVENIO DE ADHESIÓN DO CONCELLO CORUÑÉS DE VEDRA Á AXENCIA DE PROTECCIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA

- ***A partir de agora, o municipio delega neste organismo as súas competencias municipais de inspección, supervisión, sanción e restablecemento da legalidade urbanística respecto das obras e usos do solo que se realicen en solo rústico***
- ***O Concello de Vedra sumarase aos 64 municipios que a día de hoxe forman parte da APLU***

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe o convenio de adhesión á Axencia Galega de Protección da Legalidade (APLU) do concello coruñés de Vedra, polo que, a partir de agora, este municipio delega neste organismo as súas competencias municipais de inspección, supervisión, sanción e restablecemento da legalidade urbanística respecto das obras e usos do solo que se realicen en solo rústico, en solo urbanizable mentres non sexa aprobado o correspondente plan parcial ou de sectorización, así como no ámbito dos núcleos rurais delimitados.

A integración deste concello na APLU será plenamente efectiva unha vez asinado o respectivo convenio de colaboración e logo da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia* (DOG).

Así mesmo, os ingresos obtidos por multas coercitivas e sancións administrativas impostas en exercicio das competencias delegadas, serán repartidos a partes iguais de modo que o 50 por cento pasará á Administración autonómica e o 50 por cento restante ás administracións municipais..

Deste xeito, o Concello de Vedra sumarase aos 64 concellos que a día de hoxe forman parte da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística.

Este proceso lévase a cabo conforme a lei do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, onde se establece que a APLU é un ente público de natureza consorcial, dotado de personalidade xurídica, patrimonio e orzamento propios e plena autonomía no cumprimento das súas funcións, para o desenvolvemento en común pola Administración autonómica e os municipios que voluntariamente se integren nela das funcións de inspección, restauración da legalidade e sanción en materia de urbanismo e o desempeño de cantas outras competencias lle asignan os seus estatutos.

CULTURA E EDUCACIÓN E A FUNDACIÓN ECCA RENOVAN A SÚA COLABORACIÓN PARA FACILITAR QUE AS PERSOAS ADULTAS OBTENAN O TÍTULO DE GRADUADO NA EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

- ***Ao abeiro deste acordo, que promove a formación da cidadanía ao longo da vida, a Consellería destina nove profesores ao programa formativo da fundación, o que supón un investimento de máis de 318.000 euros***
- ***A metodoloxía usada, con emisións radiofónicas de clases, axuda a achegar a educación ás persoas que, por diversas circunstancias, non poden asistir ás clases de forma habitual***

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Fundación ECCA renovarán un ano máis a súa colaboración para facilitar que as persoas adultas obteñan o título de educación secundaria obrigatoria. Para iso, hoxe o Consello da Xunta deu luz verde á sinatura da addenda ao convenio a través do cal ambas as entidades veñen colaborando desde o ano 2005, en prol da formación das persoas ao longo da vida co fin de que poidan acadar mellores oportunidades no mundo laboral. Desde o inicio da colaboración entre ambas as entidades realizaron estes cursos de preparación da Fundación ECCA preto de 6.500 alumnas e alumnos, dos que máis de 1.200 obtiveron o título de graduado en educación secundaria para adultos.

Ao abeiro deste acordo, a Consellería de Cultura e Educación destina nove profesores á atención do alumnado, o que suporá unha achega de máis de 318.000 euros. Pola súa parte, a Fundación ECCA porá á disposición do alumnado o material didáctico necesario para o seguimento da súa metodoloxía -baseada nas emisións radiofónicas-, concretamente libros e os seus correspondentes CD, e fotocopias das orientacións nas cales se recollen exercicios semanais por materias.

Cómpre sinalar que a metodoloxía empregada por ECCA resulta especialmente útil para aquelas persoas que viven en zonas xeograficamente illadas ou traballan en horarios que lles impiden a asistencia habitual ás clases nun centro ordinario de educación de adultos, xa que se pon á disposición do alumnado material didáctico escrito e audiovisual, así como clases radiofónicas e presenciais. Polo tanto, a renovación deste convenio supón reafirmar a aposta da Consellería polos modelos de ensino-aprendizaxe flexibles e pola formación ao longo da vida, que permita a cualificación e actualización dos coñecementos das persoas adultas.

CULTURA E EDUCACIÓN DESTINA 128.000 EUROS A RENOVAR A COLABORACIÓN PARA A PROXECCIÓN EXTERIOR DO GALEGO A TRAVÉS DOS PLANS DE ESTUDO DAS UNIVERSIDADES DE BIRMINGHAM E DE OXFORD

- ***O Consello da Xunta deu hoxe o visto e prace á sinatura de dous convenios cos que se dá continuidade aos centros de estudos galegos que funcionan en ambas as dúas institucións académicas***

Santiago, 31 de xullo de 2015.- A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria destinará 128.000 a renovar a colaboración coa University of Birmingham e co The Queen's College da University of Oxford para o ensino da lingua, da literatura e da cultura galegas nos seus plans de estudo. Na reunión semanal do Goberno deuse hoxe o visto e prace á sinatura de dous convenios cos que se dá continuidade aos centros de estudos galegos que funcionan en ambas as dúas institucións académicas.

Ao abeiro destes acordos a Universidade de Birmingham ofertará materias vinculadas co galego dentro do programa do Seminario de Estudos Galegos do Departament of Hispanic Studies. No caso da de Oxford, a oferta académica enmarcarase nos plans de estudo do Centre for Galician Studies do Departamento de Español. Entre outras accións os acordos recollen a organización de actividades relacionadas coa investigación, a promoción e a difusión da lingua, da literatura e da cultura galegas, tales como cursos, conferencias, seminarios, congresos, mesas redondas, exposicións, etc., tanto no ámbito universitario como na súa área de influencia.

Para iso, contratarase un lector ou lectora de lingua, literatura e cultura galegas; que realizará o seu labor baixo a dirección do/a responsable do Centro de Estudos Galegos, en permanente coordinación e colaboración con este e como complemento práctico á súa actividade formativa. Ademais de cubrir este labor docente, os convenios prevén a adquisición do material bibliográfico, fonográfico, videográfico, informático e infraestrutural necesario para realizar as súas tarefas.

O galego no exterior

Convenios como os hoxe aprobados dan continuidade ao traballo que xa se vén desenvolvendo nos centros de estudos galegos nesas universidades, así como con outras de Alemaña, Croacia, España, Finlandia, Francia, Hungría, Italia, Irlanda, Polonia, Portugal, Reino Unido, Rusia e EEUU, ata sumar un total de case 1.400 estudantes de galego. Ademais, as universidades de Santiago de Compostela, da Coruña e de Vigo, a través de convenios coa Secretaría Xeral de Política Lingüística, organizan cursos de verán de lingua e cultura galegas para estranxeiros que acollen, cada ano, durante o mes de xullo, máis dun cento de estudantes procedentes de diversos países de todo o mundo coa intención de adquiriren coñecementos sobre a lingua e a cultura de Galicia.

—

Por outra banda, xa no nivel non universitario, o galego tamén está presente nos plans de estudo de centros educativos doutras comunidades de España (Cataluña e Castela e León), así como en centros coma o Santiago Apóstol de Bos Aires ou o Instituto Español Vicente Cañada Blanch de Londres.

O SERGAS DESTINA 3,3 MILLÓNS DE EUROS PARA DAR COBERTURA COMPLETA ÁS NECESIDADES DA HORMONA DO CRECEMENTO

- ***Actualmente, hai uns 300 pacientes a tratamento***

O Consello da Xunta autorizou o expediente de contratación, por un importe de 3,3 millóns de euros e cunha duración inicial de dous anos, relativo á subministración sucesiva de somatropina (hormona do crecemento), para dar cobertura completa ás necesidades farmacoterapéuticas deste medicamento nas estruturas de xestión integrada do Servizo Galego de Saúde.

O deseño específico deste procedemento de compra vai facilitar dispoñer das diferentes presentacións deste medicamento, e, polo tanto, garantir unha cobertura terapéutica completa para todos os tratamentos necesarios con somatropina. No caso dos tratamentos de inicio con somatropina, este procedemento facilita, entre aquelas presentacións que comparten a indicación terapéutica para a cal se inicia o tratamento, a selección da mellor oferta económica presentada polas distintas empresas.

Con este procedemento, o departamento que dirixe Rocío Mosquera pretende mellorar a relación calidade-prezo, obtendo o mellor prezo posible do mercado; fixar un prezo único para todos os centros hospitalarios do Sergas, evitando así as flutuacións significativas no prezo de compra; garantir a continuidade, o control e o seguimento das terapias establecidas; e, en relación cos provedores, facilitar o pagamento das súas subministracións nos prazos establecidos.

Sinalar que a somatropina é unha potente hormona metabólica con importante actividade no metabolismo dos lípidos, carbohidratos e proteínas. Este medicamento estimula o crecemento lineal e aumenta a taxa de crecemento nos nenos con hormona de crecemento endóxena insuficiente. Nos adultos, e tamén nos nenos, a somatropina mantén unha composición corporal normal, aumentando a retención de nitróxeno e a estimulación do crecemento do músculo esquelético e a mobilización da graxa corporal.

Comité asesor

O Servizo Galego de Saúde dispón, dende o ano 1991, dun comité asesor para a utilización da hormona do crecemento, encargado de establecer os criterios de utilización racional do dito medicamento en nenos e adultos. O número de tratamentos actualmente en curso comprende en torno a 300 pacientes, cunha incidencia de 50-60 novos casos anuais.

O Sergas quere agradecer o traballo dos profesionais todos estes anos para garantir a equidade no acceso e os mellores resultados clínicos.

A XUNTA AMPLÍA A CONTÍA DO PROGRAMA DE INTEGRACIÓN FAMILIAR DE MENIÑOS QUE ASCENDERÁ A 400.000 EUROS E BENEFICIARÁ 360 MENORES

- ***A Consellería de Traballo e Benestar incrementa o financiamento en preto de 18.000 euros ao incorporarse unha nova área de actuación denominada Funcionalidade familiar***
- ***O que se pretende con este novo eido é acadar unha estabilidade no seo familiar evitando situacións de grave exclusión social***
- ***O Consello da Xunta autorizou hoxe esta addenda que permitirá que o programa, que desenvolve a Xunta en colaboración con Meniños, atenda máis de 195 familias este ano***
- ***A reunificación e a preservación familiar son as outras áreas de actuación que se desenvolven con medidas concretas como a intervención psicosocial, a terapia familiar ou a educación familiar***
- ***O obxectivo xeral do programa é atender menores e familias onde se dean situacións de maltrato ou desprotección***

A Consellería de Traballo e Benestar ampliou o financiamento do Programa de integración familiar que desenvolve en colaboración coa Fundación Meniños que en 2015 contará cunha achega de preto de 400.000 euros, o que permitirá beneficiar 360 menores e máis de 195 familias de Galicia. En concreto, a Xunta destina 18.000 euros máis a esta iniciativa ao incorporarse unha nova área de actuación denominada Funcionalidade familiar que permitirá mellorar o programa e incorporar tres traballadores novos.

O Consello da Xunta autorizou hoxe a addenda ao convenio de colaboración asinado entre a Consellería de Traballo e Benestar e a Fundación Meniños.

Esta iniciativa ten como beneficiarios aqueles núcleos familiares en que se producen situacións de maltrato ou de desprotección dos menores.

Ás áreas de actuación de reunificación e preservación familiar engádese agora a de funcionalidade familiar, na cal as actuacións de intervención estarán centradas en que a familia poida romper a dinámica de deterioración profunda e adquira unha funcionalidade familiar mínima e necesaria con dous obxectivos principais.

Por un lado, búscase que as familias poidan pasar cunha estabilidade mínima ás áreas de preservación ou reunificación, segundo as necesidades, e doutra banda que a familia adquira a estrutura, funcionalidade e estabilidade suficiente para que, se non pode facerse cargo dos fillos e fillas, acepte e comprenda a necesidade dunha separación e poidan ser unha referencia positiva para os seus fillos e fillas a través de contactos e visitas (en caso de acollemento familiar, residencial ou programas de emancipación).

O que se persegue é contribuír a dotar de funcionalidade a todas as familias, evitando situacións de grave marxinación e exclusión social, co custo persoal, social e económico que estas situacións supoñen.

Na área de reunificación familiar trátase de mellorar a situación sociofamiliar e persoal dos nenos, nenas e adolescentes que tiveron que ser separados das súas familias e residen en centros de acollida. A finalidade é acadar unha incidencia directa nos núcleos familiares de referencia e favorecer a súa reunificación.

Por outra banda, na área de preservación, poténcianse os recursos das familias e promóvense os cambios necesarios para previr e evitar que se produza a separación do menor.

Para acadar estes obxectivos, desenvólvense medidas concretas como a intervención psicosocial, ou a educación e terapia familiar. Todas elas son levadas a cabo por profesionais de distintos perfís como psicólogos, orientadores, traballadores sociais ou pedagogos. Coa súa intervención, axudan ás familias e menores a resolver problemas de conduta, a construír un ambiente afectivo e protector, así como a adquirir hábitos e habilidades de organización familiar.

Esta iniciativa inscríbese na aposta da Xunta pola protección dos menores e, ademais, ten en conta a política deste departamento de primar a reunificación ou preservación familiar sobre a tutela. O obxectivo principal, sempre que sexa positivo para o nenos, é manter o menor no seu contorno familiar. A Consellería desenvolve distintos proxectos relacionados con menores como o acollemento familiar, os centros, o programa de adopcións, ou as accións de inserción sociolaboral, entre outros.

A XUNTA COLABORARÁ CON PRETO DE 600.000 EUROS NOS CURSOS DE FORMACIÓN E PROGRAMAS DE AUTONOMÍA PERSOAL DE COGAMI

- ***O Consello autorizou hoxe o convenio que se asina coa entidade para a realización de actividades de formación profesional e de promoción de autonomía persoal***
- ***A Xunta está a investir este ano preto de 18 millóns de euros no fomento do emprego entre as persoas con discapacidade***

A Consellería de Traballo e Benestar colaborará coa Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI) na realización de cursos de formación profesional dirixidos a persoas con discapacidade nun grao igual ou superior ao 33 por cento, así como no desenvolvemento de programas de apoio á autonomía persoal para persoas con gran discapacidade (igual ou superior ao 65%) e con discapacidade entre o 33% e o 65% con especiais dificultades de inserción laboral.

O Consello da Xunta autorizou hoxe este acordo, que conta cun orzamento de preto de 600.000 euros. O primeiro dos programas, de formación profesional, está cofinanciado polo Fondo Social Europeo (FSE). Este convenio enmárcase dentro do Programa operativo do FSE-Galicia 2007-2013, que atende como prioridade a loita contra a exclusión social, en particular a grupos desfavorecidos como as persoas con discapacidade.

No convenio, establécense dúas liñas de actuacións. Por un lado, os cursos de formación profesional, que chegarán a 213 beneficiarios e que teñen como obxectivo mellorar a empregabilidade deste colectivo con especiais dificultades de inserción. Inclúe actividades presenciais (A Coruña, Ferrol, Santiago de Compostela, Cabana de Bergantiños, Ribeira, Monforte, Xove, Ourense, O Carballiño, Silleda, Tomiño e Vigo) e en liña. A temática dos cursos varía: xestión de stocks, auxiliar de oficina, xardinería ou operario de carretilla elevadora, entre outras.

Por outra banda, os programas de apoio á autonomía persoal contarán con aproximadamente 99 beneficiarios. Este último eixo comprende dúas actuacións. En primeiro lugar, cursos de formación para a adquisición de habilidades sociais, prelaborais e para o desenvolvemento persoal, que se desenvolverán de forma presencial en Lugo, Monterroso e Mos, así como en liña. A segunda actuación son os servizos de apoio específicos necesarios para o desenvolvemento eficaz das ditas actividades de formación (fisioterapia, terapia ocupacional, e actividades didáctico-deportivas...).

En xeral, o obxectivo desta colaboración é fomentar a formación e a inserción laboral deste colectivo, que presenta especiais dificultades á hora de atopar un traballo. Ademais, outros das súas finalidades é fomentar a igualdade entre homes e mulleres, co fin de eliminar a discriminación de xénero.

—

Emprego e discapacidade

Este convenio de colaboración é unha actuación máis das que está a desenvolver o departamento autonómico de cara a conseguir a plena inclusión, social e laboral, das persoas con discapacidade. Só no que se refire ao eido do emprego, a Consellería de Traballo e Benestar está a destinar este ano preto de 18 millóns de euros a distintos programas dirixidos a persoas con discapacidade. Entre eles, destacan, por exemplo, o mantemento dos centros especiais de emprego, que se aprobou no Consello da semana anterior; os programas de emprego con apoio para persoas con discapacidade; ou as distintas iniciativas de integración laboral.

A XUNTA COMPARECE COMO ACCIÓN POPULAR NOS CASOS DE DÚAS VÍTIMAS MORTAIS POR VIOLENCIA DE XÉNERO ESTE ANO

- ***Dende o ano 2013, o Consello da Xunta aprobou comparecer en todos os procesos penais en caso de morte por causa de violencia de xénero***
- ***Na actualidade, son sete os procesos penais nos que o goberno está constituído en parte***

A Asesoría Xurídica da Xunta compareceu por instancias da Secretaría Xeral de Igualdade, como acción popular no caso das mortes de Isabel Fuentes Fernández e Beatriz Rodríguez Mariño. Concretamente, os/as letrados/as da Xunta de Galicia compareceron nas dilixencias previas abertas no Xulgado de Instrución número 3 de Ourense e Xulgado de Instrución número 1 de Ponteareas, que aceptaron a comparecencia como parte.

A Secretaría Xeral de Igualdade solicitou, constatado o falecemento de M^a Isabel Fuentes Fernández e a apertura dunhas dilixencias previas por razón de morte por causa de violencia de xénero, o exercicio da acción popular por parte da Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia. En virtude do antedito, procedeuse por parte da letrada da Xunta a comparecer nas dilixencias previas do Xulgado de Instrución número 3 de Ourense exercendo a acusación popular. O dito Xulgado aceptou a comparecencia da Xunta de Galicia para a continuación inhibirse a favor do Xulgado de Instrución número 1 de Verín, no que actualmente se seguen as actuacións do sumario.

No caso do falecemento de Beatriz Rodríguez Mariño, a Secretaría Xeral de Igualdade solicitou a apertura dunhas dilixencias previas por razón de morte por causa de violencia de xénero, o exercicio da acción popular por parte da Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia, polo que se procedeu por parte do letrado da Xunta a comparecer nas dilixencias previas do Xulgado de Primeira Instancia e Instrución número 1 de Ponteareas exercendo a acusación popular.

No ano 2013, o Consello da Xunta aprobou o protocolo para o exercicio da acción popular por parte da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia nos procedementos penais en caso de morte por causa de violencia de xénero. No dito acordo dispónse que os/as letrados/as da Xunta de Galicia presentarán perante o Xulgado de Instrución ou de Vixilancia de Violencia sobre a muller onde se estea a tramitar unha instrución por falecemento por causa de tal violencia de xénero, escrito procesual exercendo a acción popular constatada a existencia desta.

Con esta iniciativa, a Xunta deu cumprimento aos artigos 30 e 31 da Lei 11/2007 galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, como un paso máis na procura da igualdade efectiva entre homes e mulleres, concretamente na loita contra a violencia de xénero, e afianzou o compromiso institucional coa erradicación desta lacra.

O PROXECTO MINEIRO DE SAN FINS SUPORÁ UN INVESTIMENTO DE 10 MILLÓNS EN DOUS ANOS E A CREACIÓN DE 60 EMPREGOS DIRECTOS E 240 INDIRECTOS

- ***Tungsten San Finx, sociedade pertencente a Valoriza Minería, obtén a titularidade dos dereitos mineiros para reactivar unha mina histórica con capacidade para xerar emprego e riqueza en Lousame incentivando a economía local***
- ***O proxecto establece a mecanización das operacións da mina, empregando as técnicas máis avanzadas na extracción de estaño e volframio, e garantindo o desenvolvemento dunha minería segura, respectuosa coa súa contorna e co ambiente***
- ***A Unión Europea, no marco do Horizonte 2020, considera estes dous minerais como materiais estratéxicos debido á súa importancia industrial e á necesidade de abastecemento***
- ***O investimento previsto inclúe unha campaña de sondaxes para aumentar as reservas e a mellora da planta de tratamento para incrementar a capacidade produtiva***

O Consello da Xunta coñeceu hoxe o novo proxecto mineiro de San Fins, que será desenvolvido pola empresa Tungsten San Finx, pertencente a Valoriza Minería, do Grupo Sacyr. Este proxecto, situado no concello coruñés de Lousame, permitirá a extracción de estaño e volframio contando cun investimento, para o período 2015-2016, de 10 millóns de euros, o que permitirá crear 60 postos de traballo directos e 240 indirectos.

O Goberno galego prosegue así coa súa aposta por poñer en valor os recursos mineiros cos que conta a Comunidade, facilitando o retorno da actividade nunha das minas históricas de Galicia na que se ten producido estaño e volframio desde finais do século XIX, e na que se realizaban traballos de extracción desde o ano 2012. Deste xeito, garántese a xeración de emprego e riqueza, beneficiando tanto a poboación de Lousame como ás vilas adxacentes e á bisbarra do Barbanza.

Neste sentido, a empresa, tras obter a titularidade dos dereitos mineiros, comezará en próximas datas os procesos de selección de persoal e os labores encamiñados a poñer en valor a explotación, coa meta de iniciar a actividade a comezos do 2016. Para acadar este obxectivo, previamente realizaranse os labores experimentais correspondentes, dotándose á continuación a mina da maquinaria necesaria, para o que se empregarán as técnicas máis avanzadas na extracción destes minerais garantindo desta forma o desenvolvemento dunha minería segura, respectuosa coa súa contorna e co ambiente.

O investimento previsto inclúe tamén unha campaña de sondaxes para aumentar as reservas e a mellora da planta de tratamento de cara a incrementar a capacidade produtiva. Así mesmo, realizarase o desenvolvemento mineiro oportuno para chegar aos niveis de produción considerados, poñendo en funcionamento o pozo e habilitando unha nova rampla para facilitar a extracción do estaño e o volframio.